

**SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA O PARTIDO DOS “HARLEM GLOBETROTTERS”. MULTIUSOS FONTES DO SAR (domingo 12/5/2019).**

Detalle dos servizos de transporte urbano para achegarse ao multiusos Fontes de Sar con motivo do partido dos Harlem Globetrotters, o domingo 12 de maio:

- **SERVIZO LANZADEIRA** de xeito continuado, desde as **16:30 ata as 18:00**.  
Punto de saída: **carril bus da rúa do Hórreo**, á altura da escalinata da estación de ferrocarril. Directo ata o multiusos Fontes do Sar.  
**Localización da parada de acceso á lanzadeira:**
  - Coordenadas 42.8714013,-8.5450422
  - <https://goo.gl/maps/zcxNXu3eYTx>
- **LIÑA C11 (frecuencia de paso de 20’)**: a liña C11 realizará prolongacións para o acceso ao multiusos, en todos os seus servizos entre as 16:30 e as 18:00 (pasos aproximados polo centro da cidade).  
As paradas máis céntricas para coller esta liña son: **(673) rúa Xeneral Pardiñas nº 35 (esquina Rep. Arxentina); (674) rúa Xeneral Pardiñas nº 7 (esquina Montero Ríos); (409) Praza de Galicia (ferretería); (228) rúa da Ensinanza; (662) Virxe da Cerca nº 10 (praza de Abastos).**

Ao remate do partido, manterase o **SERVIZO LANZADEIRA** a partir das 19:45. Os autobuses irán desde o multiusos con destino á avenida de Lugo, cruce coa rúa do Hórreo (inmediacións da estación de ferrocarril).

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901120054 / 981581815**; a páxina web [www.tussa.org](http://www.tussa.org); así como os perfís “maisbus” en Facebook e Twitter.